PROGRAMACIÓN DOCENTE

XEOGRAFÍA DE GALICIA: PAISAXES NATURAIS E HUMANAS

curso 2020-21

ESQUEMA XERAL

I. Datos descritivos da materia
II. Contexto da materia
III. Obxectivos xerais
IV. Adquisición de destrezas e habilidades
V. Volume de traballo
VI. Distribución de contidos: teóricos e prácticos´´
VII. Metodoloxía docente
VIII. Avaliación da aprendizaxe
IX. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Xeografía de Galicia: Paisaxes naturais e humanas
Código	IV30121
Curso aconsellado	1º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75,6
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Humanístico

I.1. Profesor:

Profesor/a	**Créditos (A, P ou V)**	**Horario titorías**	**Lugar de Impartición**	**Lingua**
Francisco Xavier Méndez Martinez	3 A	Realizaranse por correo electrónico	xmendez@uvigo.es	Galego Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Coñecementos básicos en xeografía física e xeografía humana e habilidades básicas para a procura de información a través de internet.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Materia do Ciclo Intensivo do PUM, aconsellase cursala no 1º ano.

A materia pretende facilitar ao alumando un espazo de reflexión e análise sobre a realidade territorial de Galicia, os seus recursos e as súas paisaxes, baixo un enfoque eminentemente xeográfico.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Analizar o proceso de construción do espazo xeográfico en Galicia, identificando os diversos factores que actúan na súa configuración e as diversas realidades que conforman o seu territorio.
- Identificar os recursos territoriais básicos existentes en Galicia, as súas características e súa localización.

- Recoñecer as paisaxes actuais de Galicia, coas súas compoñentes naturais e humanas, afondando especialmente no coñecemento das interrelacións que existen entre os diversos elementos que as integran, as causas da súa orixe e os procesos que lles deron forma.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Con esta materia preténdese que o alumnado:

- Comprenda mellor os aspectos claves que definen as características do territorio galego na actualidade, identificando as diversas realidades que conforman o espazo rexional.
- Adquirira unha maior capacidade interpretativa das paisaxes existentes, como resultado que son dun proceso de evolución histórica e de interrelación entre os diversos elementos que as integran, valorando os procesos que lles deron forma e comprendendo que son manifestacións de fenómenos naturais, sociais, económicos, culturais, etc.
- Entenda a importancia dos fenómenos de localización e a dimensión espacial de procesos e fenómenos de carácter diverso (natural, social, económico, cultural, político …).
- Perciba a realidade complexa do seu propio contorno, identificando as principais problemáticas ambientais ás que se enfronta o territorio e o medio ambiente próximo, procurando reflexionar criticamente sobre as posibilidades de actuar localmente para enfrontarse a eles e poñerlle solucións.
- Desenvolva unha maior conciencia da responsabilidade da cidadanía ante as necesidades da comunidade humana e o seu hábitat, con aplicación concreta ao caso de Galicia.
- Mellore as súas capacidades e habilidades para a procura de información en relación co territorio de Galicia e os fenómenos e procesos que lle afectan.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	16	0	2	32	48	1,92
Prácticas	4	0	0	0	4	0,16
Viaxe de estudos	0	8	0	0	0	0,32
Probas de avaliación	2	0	6,5	13	15	0,6
Total	22	8		45	75	3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Os procesos de transformación no territorio e a construcción da paisaxe	2 h.
2	As características xeomorfolóxicas e hidrográficas de Galicia. O medio físico e as unidades	2 h.
3	Características xeomorfolóxicas e hidrográficas de Galicia. As unidades de relevo	2 h.
4	Bioxeografía. A vexetación de Galicia e os ecosistemas naturais	2 h.
5	O proceso histórico de transformación do territorio en Galicia. Causas, consecuencias e fitos destacables na modificación do espazo galego	4 h.
6	Poboación, poboamento e territorio na Galicia actual	4 h.

Programa práctico

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Prácticas en relación coa xeografía física e as paisaxes naturais.	2 h.
2	Prácticas en relación coa xeografía humana e as paisaxes humanas.	2 h.

Viaxes de estudo

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Saída de un día para visitar zonas de interese	8 h.

Bibliografía básica

- Piñeira, M.J. et al. "Xeografía de Galicia". Edicións Xerais de Galicia. 2011.
- Torres Luna, M.P. "Geografía de Galicia". Edita: Faro de Vigo. 2 volumes. 2000.

Bibliografía complementaria

- Balboa, X. "O monte en Galicia". Edicións Xerais de Galicia. 1990.
- Barreiro Fernández, X.R. et al. "A gran historia de Galicia". Arrecife Edicións. Varios volumes. 2007.
- Caetano Ferro. "Sociedade humana e ambiente no tempo. Temas e problemas de Geografia Histórica". Fundaçao Calouste Gulbenkian. Lisboa.1979.
- Carballeira, A. et al. "Bioclimatología de Galicia". Fundación Barrié de la Maza. 1983.
- Carballo, F. et al. "Historia de Galicia". Edicións A nosa terra. 1991.
- Escribano Bombín, M.M. "El paisaje". Unidades temáticas ambientales. Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo. 1987.
- Fandiño, X.M.; Ferrás, C.; Méndez, F.X. et al. "Diccionario Galego de Xeografía". Xunta de Galicia. 1993.
- González Bernáldez, F. "Ecología y paisaje". Editorial Blume. 1981.
- Leboreiro Amaro, M. "O medio rural. Un modo de ocupación do espacio". Concello de Vigo. 1994.
- Llano Cabado, P. "Arquitectura popular en Galicia". Edicións Xerais de Galicia. 2006.
- Méndez Martínez, F.X. "A conservación e o desenvolvemento do medio rural". Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. 1999.
- O´Flanagan, P. "Xeografía Histórica de Galicia". Edicións Xerais de Galicia. 1996.
- Pazo Labrador, A.J. "la trama de los asentamientos rurales en las Rías Bajas gallegas". Deputación provincial de Pontevedra. 1994.
- Perez Alberti, A. "A Xeografía". Editorial Galaxia , 1986.
- Pérez Moreira, R. "Ecoloxía e ordenación forestal". Xunta de Galicia. 1990.
- Rio Fernandes, J.A; Souto González, X.M. (coord) "Atlas básico do Eixo Atlántico. Euro-rexión Galiza e Norte de Portugal". Edita Eixo Atlantico do Noroeste Peninsular. 2007.
- Silva, F.J.; Rigueiro,A. "Guía das arbores e bosques de Galicia". Editorial Galaxia. 1992.
- Souto González, X.M. "Xeografía Humana". Editorial Galaxia. 1988.
- Souto González, X.M. "Vigo: Cen anos de historia urbana (1880-1980)". Edicións Xerais de Galicia. 1990.
- Souto González, X.M. "Vigo: Proxecto e realidade do medio periurbano", Concello de Vigo. 1994.
- Souto González, X.M. "Xeografía do Eixo Atlántico". Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular. 1999.
- Torres Luna, P. et al. "Geografía de Galicia". Xuntanza Editorial. 1986.
- Vilas, F. (dir) "Guía de la naturaleza de Galicia". Edita Faro de Vigo. Varios volumes. 1992.
- Varios autores. "Xeografía de Galicia". Edita Gran Enciclopedia Galega.
- Varios autores. "Proxecto Terra". Edita Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. 2006.
- Velez Barrio, E.; Pereiro Vizcaino, M.C. "As montañas de Galicia". Edicións Xerais de Galicia. 1993.
- Velez Barrio, E.; Pereiro Vizcaino, M.C. "Paraxes naturais de Galicia. O litoral". Edicións Xerais de Galicia. 1998.
- Villares, R. "Historia de Galicia". Edita: Faro de Vigo. Varios volumes. 1991.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases:

- As aulas impartiranse cun enfoque divulgativo e procurando fomentar a participación do alumnado.
- As exposicións do profesor desenvolveranse coa axuda de presentacións, normalmente en formato power point, acompañadas de abundante material gráfico de apoio (fotografías, mapas, planos, esquemas, cadros, gráficas de datos, etc.).

- Farase uso de material informativo accesible a través de conexión a internet en aula (consultas de bases de datos, visitas a portais de información relevante, visualización de documentos e documentais, etc.).
- Desenvolveranse sesións de exposición oral dos temas por parte do profesor, combinadas con tempos adicados a responder a preguntas do alumnado, rebater ou complementar argumentos formulados polos alumnos e alumnas, tratar cuestións ou casos prácticos que se poidan presentar para a súa resolución en clase ou establecer tempos de coloquio para reflexionar sobre aspectos de interese do grupo relacionados coa materia.

Prácticas:

- O programa práctico consistirá nunha serie de actividades de grupo que se poderán desenvolver en aula ou fora dela.
- Enfócanse como complemento das sesións teóricas e teórico-prácticas a desenvolver en aula.
- Estarán orientadas ao recoñecemento do territorio e das paisaxes e abordarán aspectos da realidade física, natural e humana de Galicia.
- As prácticas poderán desenvolverse mediante exercicios que supoñan traballo de campo ou a utilización de recursos diferentes: fotografía, cartografía, textos, estatística, etc.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O 50% da nota global corresponderase coa asistencia a clase, haberá cando menos que asistir a un 80% das horas de aula.

O outro 50% da nota global obterase a partir dos exercicios que presente a comezos do curso o profesor para a avaliación específica da materia, e que constará polo menos dunha proba escrita (realización dun exame, a entrega dun traballo, a resposta a cuestionarios, etc.).

En casos de forza maior en que non poidan ser impartidas clases presenciais durante o curso, articularase un sistema de avaliación sustitutiva da anterior, en base á entrega de traballos individuais e a resposta de cuestionarios de avaliación de materia, que conformarán conxuntamente o 100% da nota global.